

## **ACORDOS DA COMISIÓN DO TÍTULO DO MÁSTER UNIVERSITARIO EN PSICOXERONTOLOXÍA NA USC, 2015 – 2016**

### **16 de novembro de 2015**

Orde do día:

1. Lectura e aprobación das actas de reunións anteriores.
2. Informe anual de seguimento do máster do curso 2014-15.
3. Asuntos de trámite.
4. Rolda aberta de intervencións.

Acordos:

- Apróbase a acta da sesión de 30 de xuño de 2015.
- Apróbase o Informe anual de seguimento do máster correspondente ao curso 2014-2015 para ser presentado na Comisión de Calidade da Facultade de Psicoloxía.

### **1 de abril de 2016**

Orde do día:

Punto único. Aprobación da PDA do máster para o curso 2016-17.

Acordos:

- Apróbase de forma provisoria a PDA enviada polo VOAP e incluído no Xescampus ata final de curso, pendente de revisar no caso de que haxa alumnos repetidores nalgunha materia.

### **27 de xuño de 2016**

Orde do día:

1. Lectura e aprobación da acta da reunión anterior.
2. Informe do coordinador.
3. Aprobación dos tribunais de TFM e datas e horas de presentación.
4. Proposta de criterios para obter matrícula de honra nas prácticas externas e para a concesión do Premio Extraordinario de Máster.
5. Asuntos de trámite.
6. Rolda aberta de intervencións.

Acordos:

- Apróbase a acta da sesión do 1 de abril de 2016.
- Acórdase, para a constitución de tribunais e datas de presentación dos TFM:
  - O presidente de todos eles será Arturo X. Pereiro, tendo en conta que Onésimo Juncos estará de permiso por asistencia a un congreso.
  - A profesora Montse Zurrón non poderá participar durante o día 18 de xullo, e o profesor Fernando Díaz non poderá durante os días 18 e 19 de xullo; ambos por permiso de docencia e investigación.
  - O coordinador Onésimo Juncos organizará as comisións, datas e horas, e enviará a todos os participantes unha proposta.

- Os TFM serán presentados na Secretaría do Dto o día 15 de xullo.
- As cualificación de todas as alumnas que se presenten serán comunicadas ao final de todo o proceso de defensa.